




Abrimos lista de espera para as formacións DICECO!

Bo día,

Aquí estamos de novo con moita enerxía e encantadas coa excelente acollida que está a ter esta segunda edición do programa DICECO. E é que **todas as edicións** das formacións para o coidado de menores de ata 16 anos incluídos están xa **completas!**

Aínda que xa non existen prazas dispoñibles temos habilitado un apartado no formulario de inscrición para as persoas interesadas que desexen **inscribirse poidan facelo no caso de que existan baixas**. Anímate e aproveita esta oportunidade!

DICECO



Cursos de **30 horas** totalmente **gratuitos** dirixidos os coidados de menores en:

- Primeiros Auxilios: actuación en menores.
- Psicoloxía evolutiva e do desenvolvemento ata a adolescencia.
- O xogo como instrumento de aprendizaxe.
- Alimentación saudable dende a infancia ata a adolescencia.
- Educación en Igualdade.

**ANÓTATE NA LISTA DE
RESERVA**

E cales son os contidos das formacións?

Primeiros Auxilios: Actuación en Menores

Este curso proporciona ás persoas que exercen as tarefas dos coidados as habilidades e coñecementos necesarios para actuar en situacións de

emergencia que involucren a menores. Aprenderás técnicas de primeiros auxilios específicas para tratar diferentes tipos de lesións e enfermidades na infancia e na adolescencia.

Psicoloxía Evolutiva e do Desenvolvemento ata a Adolescencia

Nesta acción formativa o alumnado adquire coñecementos sobre o desenvolvemento psicolóxico desde a infancia ata a adolescencia, brindando unha comprensión máis profunda dos procesos evolutivos en cada etapa. Este acción formativa permite aprender estratexias segundo as necesidades emocionais e cognitivas das persoas menores ás que se atende.

O Xogo como Instrumento de Aprendizaxe

Este curso céntrase no uso do xogo como unha ferramenta poderosa para a aprendizaxe e o desenvolvemento na infancia e na adolescencia. O alumnado descobre diversas actividades e técnicas lúdicas que fomentan a creatividade, o pensamento crítico e o traballo en equipo.

Alimentación Saudable dende a Infancia ata a Adolescencia

Nesta formación apréndese sobre os principios dunha alimentación saudable dende a infancia ata a adolescencia. Abórdanse temas como a nutrición adecuada, a importancia dos alimentos frescos e a promoción de hábitos alimentarios saudables entre as persoas menores. A asimilación de conceptos permite cultivar hábitos alimenticios saudables dende idade temperá e axudar á infancia a crecer forte e chea de vitalidade.

Educación en Igualdade

Os contidos diríxense a promover a igualdade a través de propostas e modelos desexables. Abórdanse temas como os estereotipos de xénero, a resolución de conflitos e a promoción de relacións igualitarias.

Así que, bule!

Se desexas inscribirte nalgún dos cursos mencionados, recomendámosche completar canto antes o formulario de inscrición indicando a túa vontade de entrar na lista de agarda e poder obter a túa praza no caso de que existan baixas.

ANÓTATE

Despedímonos agradecendo o teu interese e apoio ao programa DICECO. Quedamos á túa disposición para calquera consulta ou colaboración que consideres oportuna.

Lembra que para máis información sobre as actuacións e o proceso de acreditación podes [consultar a nosa páxina web](#)

Tamén podes contactar con nós por teléfono ou email:

- 881 95 72 78, 981 94 00 62 ou 881 81 72 56
- galicia@fademur.es

DICECO é un proxecto financiado polo Ministerio de Igualdade a través da Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e a participación no mesmo e nas actividades que o integren é completamente gratuíta para as persoas interesadas.

Recibe un agradecido saúdo!

O equipo de FADEMUR Galicia

AVISO LEGAL: Este mensaje y sus archivos adjuntos van dirigidos exclusivamente a su destinatario, pudiendo contener información confidencial sometida a secreto profesional. No está permitida su comunicación, reproducción o distribución sin la autorización expresa de Fademur-Galicia. Si usted no es el destinatario final, por favor, elimínelo e infórmenos por esta vía.

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidad con lo dispuesto en el Reglamento (UE) 2016/679, de 27 de abril (GDPR), y la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre (LOPDGDD), le informamos de que los datos personales y la dirección de correo electrónico del interesado, se tratarán bajo la responsabilidad de Federación de Asociaciones de Mulleres Rurais de Galicia por un interés legítimo y para el envío de información formativa, y se conservarán mientras ninguna de las partes se oponga a ello. Los datos no se comunicarán a terceros, salvo obligación legal. Le informamos de que puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, portabilidad y supresión de sus datos y los de limitación y oposición a su tratamiento dirigiéndose a C/ Doctor Maceira, nº 13 - Bajo, Santiago de Compostela, provincia de A Coruña. Si considera que el tratamiento no se ajusta a la normativa vigente, podrá presentar una reclamación ante la autoridad de control en www.aepd.es.

LSSI: De acuerdo a lo establecido en la Ley 34/2002 de Servicios de la Sociedad de la Información y Comercio Electrónico (LSSICE), le informamos que este email nos es una comunicación comercial, ya que no tiene ningún tipo de finalidad onerosa y simplemente se trata de darle a conocer e informarle sobre el Plan Corresponsables. No obstante lo anterior, si usted no desea recibir más información en relación a ello, puede darse de baja enviando un correo electrónico a galicia@fademur.es, indicando en el Asunto «BAJA» o «NO ENVIAR».

You've received it because you've subscribed to our newsletter.

[Unsubscribe](#)

